

## ACTA (3<sup>a</sup>) DO SEGUNDO EXERCICIO PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE RESERVA, NA CATEGORÍA DE OFICIAL 1<sup>a</sup> ALBANEL/A.

No edificio do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Ponteareas, sendo as 09:30 horas do día 8 de febreiro de 2022, reuniuse o tribunal nomeado segundo Resolución de Alcaldía n.º 2021-1920, de 19 de agosto de 2021 e resolución 2021-2633 de data 22 de novembro de 2021 para a realización do segundo exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio, da fase de oposición, dos/as aspirantes a listaxe de reserva, na categoría de oficial 1<sup>a</sup> albanel, convocada por Resolución da Alcaldía n.º 2021-1211, de data 17 de maio de 2021.

Os membros nomeados pola citada resolución que asistiron a dita reunión son os seguintes:

D. Manuel Martínez Pérez, en calidade de presidente suplente; don José González Montero, en calidade de secretario e don Juan Luis Fernández Vázquez, don Luís Estévez Merino e dona Begoña Amil Alonso como vogais.

Asistiu como Asesor, D. LUIS MIGUEL HERMIDA VILLAVERDE, nomeado polo Tribunal o dia 3 de febreiro de 2022, segundo o Artigo 7 (Composición do tribunal), punto 5º, das Bases Específicas de Selección (17/05/2021).

Existindo quórum para a celebración do tribunal, constitúese o mesmo e procédese a realización do segundo exercicio práctico.

O exercicio práctico consistía na realización de 6 probas independientes, que se achegan como anexo a esta Acta.

O Tribunal chama ao único candidato convocado, don FERNANDO PEREIRA GIL, para que comece a facer as probas do exercicio.

O candidato, comeza a facer a primeira proba, e posteriormente fai a segunda e a terceira, pero antes de comezar a facer a cuarta proba, lle comunica ao Tribunal que non desexa seguir facendo os exercicios seguintes polo que desiste e abandona o Proceso Selectivo.

Ante este desestimento do candidato, o Tribunal da como pechado o Proceso Selectivo, e declara deserta a listaxe de reserva na categoría de Oficial de 1<sup>a</sup> Albanel/a, propoñendo que se volva a realizar unha nova convocatoria.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, as 13,00 horas polo Presidente levántase a sesión do que eu, Secretario do Tribunal, dou fe,



Contra o presente acto, poderase interpoñer recurso de alzada ante o tribunal de valoracion ou ante o órgano que o nomeou, no prazo dun més, a partir do día seguinte a súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, de acordo co establecido, nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente

D. Manuel Martínez Pérez

D. José González Montero

D.Juan Luis Fernández Vázquez

D.Luis Estevez Merino

Dna. Begona Amil Alonso

